

XXVIII FESTA do PEMENTO

3, 4 e 5 de agosto 2007

declarada de
interés turístico



SAÚDA DO ALCALDE

¡Cómo pasa o tempo!. Xa se cumpren 28 edicións da Festa do Pemento de Arnoia, ideada na década dos 80 coa finalidade de promocionar e comercializar este produto da terra e que concentraba o desenvolvemento económico do municipio. Festa que segue sendo posible gracias ó traballo e adicación dos veciños ó coidado desta pranta xenerosa, sabendo conxugar a tradición rural e agrícola do noso pobo coas novas iniciativas que premiten o desenvolvemento económico e social do municipio. E, como non, un recordo para os nosos emigrantes en Bos Aires e Montevideo, que celebran tamén anualmente esta Festa do Pemento, o que nos enche de orgullo e satisfacción.

Pois sí, hoxe en día, unha xa remodelada área de "A Queixeira" espera ataviada coas súas mellores galas para recibir a visita de miles de persoas que esperan disfrutar, non só dunha festa gastronómica, senón tamén dunha variada e ampla oferta musical, cultural, deportiva e de ocio de que se dispón.

As posibilidades que ofrece o Pemento da Arnoia, permitirá que sexa degustado de variados xeitos gastronómicos: frito, en salsa, recheo, en tortilla ... sempre acompañado cun bo viño do Ribeiro.

Como complemento, podedes elixir entre unha ampla oferta de actividades: charangas, orquestras, cine na rúa, títeres, música folk, maratón de fútbol sala; e para os que prefiran outras actividades de ocio e recreo, poderán atopar áreas recreativas, pistas multiusos, rutas de sendeirismo, balneario, visitas a adegas e casas de turismo rural... como vedes, un amplo abano para satisfacer os gustos de case todo o mundo, axeitada a esta Festa declarada de Interese Turístico Galego.

Coma dende a 1º edición da Festa, o meu desexo e o dos meus colaboradores de que pasedes uns días de paz e ledicia, en compañía dos vosos seres máis queridos; con elo sentiríamonos satisfeitos.

Unha aperta,

Rogelio Martínez González

SEMAN CULTURAL

ACTIVIDADES no PABILLON POLIDEPORTIVO:

Días 27, 28 e 29 de Xullo.

Maratón Fútbol: V Memorial "Schuster & Fonsi"

Día 1 de Agosto

A compañía de teatro NOVE DOUS fará o estreo da obra:

AS VECES SENTÍMONOS TAN CANSOS QUE FACEMOS ESTAS COUSAS

NA CARBALLEIRA DA FESTA:

As 00,15 horas do día (despois da FINAL do maratón) CONCERTO de FOLK GALEGO co grupo BALAKANDRA

PRAZA DO CONCELLO:

Cine na rúa ás 22, 30 h. (co patrocinio de CAIXANOVA)

Día 30 de Xullo: LA INCREÍBLE PERO CIERTA HISTORIA DE CAPERUCITA ROJA

Día 31 de Xullo: SCOPP

SALON da COOPERATIVA S. Salvador:

Día 27 de xullo (Venres) ás 22,30 h. Títeres "OS TRES PORQUÍÑOS E ALGÚN OUTRO"

PROGRAMA XXVIII FESTA do PEMENTO

XOVES, día 2 de agosto

- 12,00 h. Gran folión anunciador do comenzo da "XXVIII FESTA do PEMENTO"
23,00 h. Comenza a festa con verbena a cargo de AMERICA.

VENRES, día 3 de agosto

- 11,00 h. Pasarúas polo pobo da Arnoia da banda "LA LIRA" de Ribadavia.
20,30 h. Inauguración oficial da "XXVIII FESTA do PEMENTO" coa presenza de autoridades autonómicas e provinciais acompañadas pola banda "LA LIRA".
Visita os stands da Festa. A esta mesma hora encenderáse o lume e comenza a fritura dos PEMENTOS de ARNOIA.
21,00 h. Pregón a cargo de Xosé Lois González "O Carrabouxo".
21,30 h. Degustación dos pementos na compañía da banda de música.
22,15 h. Da comenzo a verbena coa actuación da gran orquesta espectáculo LAMAS.
00,15 h. Concerto de folk galego co grupo BRAÑAS FOLK.
01,30 h. De novo, seguiremos disfrutando da boa música coa orquesta LAMAS.

SABADO, día 4 de agosto

- 12,00 h. Alborada coa actuación no recinto da festa da charanga LARANXA MECANICA que nos acompañará na degustación dos pementos.
13,30 h. Actuación do grupo SHAMUYO TANGO que ofrecerá unha selección de Milongas e Tangos.
14,30 h. Degustación gratuita dos PEMENTOS da ARNOIA.
18,00h. Actividades na área recreativa do Inquiau, coa participación da charanga: festa infantil, festa da espuma e karaoke.
20,00 h. De novo os compoñentes da charanga LARANXA MECANICA faránnos compañía mentras degustamos os mellores pementos do país e o selectivo viño Ribeiro da Arnoia.
22,30 h. Da comenzo a verbena coa actuación da gran orquesta ISMAEL.
00,30 h. Concerto folk galego co grupo TREIXADURA.
01,30 h. De novo actuación da orquesta ISMAEL.
03,00 h. Macro-disco MASTER. Disfrutando da boa música con unha discoteca espectacular ata que o corpo aguante .

DOMINGO, día 5 de agosto

- 10,00 h. Alborada coa compañía da charanga LARANXA MECANICA.
11,30 h. Misa con procesión desde a Eirexa Parroquial coa ofrenda dos frutos da terra.
12,30 h. Actuación da Banda de Gaitas e Danzas de SANTA CRISTINA de VALEIXE.
13,30 h. A charanga deleitaranos coa súa música mentras degustamos os produtos da terra.
14,30 h. Degustación gratuita dos PEMENTOS da ARNOIA.
18,00 h. Actividades na área recreativa do Inquiau coa participación da charanga.
20,30 h. De novo pementos, pan e viño na compañía da LARANXA MECANICA.
22,30 h. Baile e verbena popular ofrecida polo grupo AMISTAD.
00,00 h. Concerto de música folk galega co grupo A RODA.
01,30 h. De novo actuación de AMISTAD.
03,15 h. Queima de fogo fixo e volador para ir poñendo o remate a esta XXVIII edición da FESTA DO PEMENTO e seguimos bailando e disfrutando coa boa música de AMISTAD.

Tódolos días, ata altas horas da mañán, poderás degustar os MELLORES PEMENTOS (fritos, recheos ou en tortilla) e o selecto viño RIBEIRO de ARNOIA.

COME, BEBE, DISFRUTA ata que o corpo aguante.